

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 27 DE SETEMBRO DE 2012.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:20 horas do día 27 de setembro de 2012, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

A concelleira, Isabel Sesar Otero, incorporase á sesión ás 13:23 horas.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecida polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 26/07/2012, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade acordou:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 26/07/2012.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1. ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1- DENUNCIA INTERPOSTA POLA XEFATURA PROVINCIAL DE TRÁFICO

Pola secretaria dáse conta da notificación remitida pola Xefatura Provincial de Tráfico con rexistro de entrada neste concello co n^o 1458 con data 11/09/2012, no que notifica a denuncia interposta o día 20/08/2012 por infracción de tráfico no vial N-547 P.Qm.: 87,4 sentido: C-Creciente (A Coruña) por circular a 92 Qm/h, tendo limitada a velocidade a 70 Qm/h co vehículo con matrícula 9114FDM titularidade deste Concello, sendo o importe da multa de 100,00 €uros.

Visto o informe emitido pola directora da miniresidencia e centro de día, a Técnica en intervención familiar-psicóloga Dona M^a Teresa Gómez Cea en data 12/09/2012 no que se informa que con data 20/08/2012 a auxiliar da residencia Yolanda Felpete Vilariño con DNI 78793955A conducía o coche do Concello, matrícula 9114 FDM en dirección a Santiago de Compostela. Nesta viaxe acudía ao Hospital Clínico para acompañar a unha residente.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Realizar o pago a través da oficina de Correos no prazo de 20 días naturais dende a recepción da notificación, para poder ter dereito a unha redución do 50% (importe a pagar: 50,00 €uros) con cargo ós fondos da Caixa da Corporación, así como o importe de 2,50 €uros en concepto de taxa e dereitos.

SEGUNDO.- Requerir á Dna. Yolanda Felpete Vilariño, condutora do vehículo e responsable da infracción, que deberá reintegrar ao Concello a cantidade de 52,50 €uros ou ben efectuar o ingreso nas arcas municipais ou comunicar que se efectúe a dedución na nómina.

2.1.2.- ACLARACIÓNS PARA AUTORIZACIÓNS DE ESPECTÁCULOS PIROTÉCNICOS DA SECRETARÍA XERAL DO MEDIO RURAL E MONTES.

Pola Secretaría dase conta do escrito enviado pola Consellería do Medio Rural e do Mar, Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes, rexistro de entrada nº. 1406 con data 04/09/2012 no que se comunica a aclaración para as autorización de espectáculos pirotécnicos, con motivo da aprobación da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG núm. 140 do 23/07/2012).

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.3.- REQUIRIMENTO DE EMENDA DE DEFICIENCIAS NA AUTORIZACIÓN PARA A MODIFICACIÓN DA MINIRESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES DE BOIMORTO DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR.

Pola Secretaría dase conta do escrito enviado pola Consellería de Traballo e Benestar, Secretaría Xeral Técnica, rexistro de entrada nº. 1447 con data 07/09/2012 no que require a emenda de deficiencias na autorización para a modificacións substancial da Miniresidencia e para persoas maiores de Boimorto, requerindo proxecto de execución.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.4.- NOTIFICACIÓN RESOLUCIÓN SUBVENCIÓN SERVIZO DE VOLUNTARIADO XUVENIL 2012 DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR.

Pola Secretaría dase conta do escrito enviado pola Consellería de Traballo e Benestar, Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, rexistro de entrada nº. 1521 con data 20/09/2012 no que se notifica a resolución da subvención de 4.800,00 euros, presentada ao abeiro da Orde do 15 de xuño de 2012 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e a concellos e mancomunidades de municipios enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil para o ano 2012 o que require a emenda de deficiencias na autorización para a modificacións substancial da Miniresidencia e para persoas maiores de Boimorto, requerindo proxecto de execución.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.5.- COMUNICACIÓN DE AMPLIACIÓN O PRAZO DE XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL.

Pola Secretaría dase conta do escrito enviado pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Dirección Xeral de Administración Local, rexistro de entrada nº. 1498 con data 19/09/2012 no que se comunica a ampliación de prazo xustificacón previsto na Orde do 4 de maio de 2012 pola que se regulan os criterios de repartición e a convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental ata o día 30 de decembro de 2012.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.6.- AUTORIZACIÓN POSTA EN SERVICIO DAS INSTALACIÓN S FOTVOLTAICAS DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria, rexistro de entrada nº. 1495 con data 19/09/2012 no que se comunica a autorización para instalación s fotovoltaica de 3,5 kW na cuberta da Casa do Concello.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.7.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA II.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Promoción Económica, rexistro de entrada nº. 1443 con data 07/09/2012 no que se comunica a aprobación da xustificación da subvención concedida conforme coa convocatoria dirixida a concellos e outras entidades locais para actividades e investimentos de promoción económica: Programa de dinamización económica II por importe de 8.000,00 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.8.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN DA OBRA SUSTITUCIÓN DEL ALUMBRADO PÚBLICO EN EL CAMPO DA FEIRA.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Promoción Económica, rexistro de entrada nº. 1555 con data 27/09/2012 no que se comunica a aprobación da xustificación da subvención concedida conforme coa convocatoria dirixida a concellos e outras entidades locais para actividades e investimentos de promoción económica: Sustitución del alumbrado público en el Campo da Feira por importe de 13.991,87 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.9.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN DA OBRA REPARACIÓN DE PISTA POLIDEPORTIVA EN EL PATIO EXTERIOR DEL CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Educación, Cultura e Deportes, rexistro de entrada nº. 1510 con data 28/09/2012 no que se comunica a aprobación da xustificación da subvención concedida conforme coa convocatoria de programas de apoio ó deporte, dirixida a concellos e outras entidades locais para actividades e investimentos o ano 2011: Reparación de pista polideportiva en el patio exterior del CPI Armando Cotarelo Valledor por importe de 13.481,47 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.10.- RESOLUCIÓN ABOAMENTO ANTICIPO PREPAGABLE CONVOCATORIA DE SOCIRRISMO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección Fomento, Sección de Promoción Económica, rexistro de entrada nº. 1425 con data 06/09/2012 no que se comunica a resolución de acordo coa base 7 da convocatoria SOCORRISMO anualidade 2012, aboamento prepagable o 50% da subvención concedida:

Concello	Concedido	Anticipo 50%
Boimorto	2.998,00€	1.499,00€

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.11.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA O PROGRAMA DE TÉCNICOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS 2011.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Educación, Cultura e Deportes, rexistro de entrada nº. 1491 con data 19/09/2012 no que se comunica a aprobación da xustificación da subvención aboada como anticipo prepagable correspondente ó Programa de técnicos deportivos municipais 2011 por importe de 7.500 euros. Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.12.- CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA FINANCIAR A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DO ENTORNO DO ALBERGUE DE BAIUCA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Patrimonio e Contratación, rexistro de entrada nº. 1509 con data 20/09/2012 no que se envía para sinatura o Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello para financiar a execución das obras de mellora do entorno do Albergue de Baiuca cun presuposto de execución por contrata de 30.000,00 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as, e á vista da data de rexistro de entrada do convenio neste Concello por unanimidade **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- En aplicación da cláusula trece do convenio solicitar á Excm. Deputación Provincial prórroga expresa desta vixencia.

SEGUNDO.- Certificado deste acordo sexa remitido á sección de patrimonio e contratación da Deputación Provincial da Coruña.

2.1.13.- CIRCULAR SOBRE O INCREMENTO DO IVE DO 18% AO 21% NAS OBRAS INCLUÍDAS EN PLANS PROVINCIAIS CON CONTRATACIÓN DELEGADA NOS CONCELLOS REMITIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Servizo de Xestión de Plans, Sección de Plans Provinciais, rexistro de entrada nº. 1461 con data 11/09/2012 no que se remite circular sobre o incremento do ive do 18% ao 21% nas obras incluídas en Plans Provinciais con contratación delegada nos concellos.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.14.- COMUNICACIÓN DE ATISAE DE OBRIGATORIEDADE DE INSPECCIÓN DE EFICIENCIA ENERXÉTICA EN INSTALACIÓNS TÉRMICAS DOS EDIFICIOS.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola empresa ATISAE, rexistro de entrada nº. 1459 con data 11/09/2012 no que se comunica a obrigatoriedade de realizar unha inspección de eficiencia enerxética nas instalacións térmicas dos edificios.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.15.- ACORDO DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA LOCAL E INFORMACIÓN AO VISITANTE DE FOREM GALICIA.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola empresa FOREM Galicia, no que se envía acordo para a realización de prácticas dentro para obtención do certificado de profesionalidade: Promoción turística Local e Información ao visitante, cunha duración total de 120 horas.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.2.- ESCRITOS PARTICULARES

2.2.1.- ESCRITO PRESENTADO POLO C.F. BOIMORTO.

Pola secretaria dáse conta do escrito presentado polo C.F. Boimorto, rexistro de entrada nº 1405 de data 04/09/2012, solicitando a inclusión de actuacións no plan DTC 94

Vistas as bases reguladoras do Plan “DTC 94: Unha deputación para todos os concellos” publicadas no BOP nº 145 de data 3 de agosto de 2012.

Visto o informe de Secretaría-Intervención que se transcribe literalmente:

<<INFORME:

Rebeca Vázquez Vázquez Secretaría Interventora do Concello de Boimorto, visto o artigo 3.A) do Real Decreto 1174/1987 do 18 de setembro polo que se regula o rexime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional en relación e cumprimento da Provindencia da Alcaldía de data 22/08/2012 na que solicita informe sobre inversións relacionadas có plan provincial de financiamento extraordinario de obras e servizos municipais PEFO 2012 .

INFORMO:

LEXISLACIÓN APLICABLE

Artigo 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local

Bases reguladoras do Plan DTC 94 unha deputación para todos os Concellos publicadas no BOP nº 145 de data 1/8/2012.

CONSIDERACIÓNS:

1.-Segundo as bases que regulan esta financiación subvencionada pola Excmá Diputación Provincial de A Coruña e indicadas no apartado de lexislación aplicable deste informe as obras as que se poden destinar estes fondos son as de reparación ou mantemento dos edificios ou das instalacións municipais ou camiños ou alumeado público e as reparacións ou mantementos de subministración de auga potable e rede de sumidoiros sinalando no artigo 2 estas bases que en todo caso deben ser obras para as que o concello teña a plena disponibilidad de terreos necesarios e que non precisen de autorizacións ou de ser precisas se conte con elas no momento da solicitude, así mesmo poderán solicitarse a inclusión de adquisición de maquinaria material técnico especial ou vehículos directamente destinados ao funcionamento dos servizos públicos .

Polo que non se poden incluír acondicionamento de traídas de augas particulares nin rede wimax, nin nova construción de área recreativa en Arceo nin construcións de depósito de auga para os gandeiros nin soterramento de liñas eléctricas de tensión, nin subvencións para asociacións veciñais nin evidentemente festa dos maiores , advertindo esta Secretaría que de incluírse estas inversións poderían perderse os cartos outorgados a Boimorto neste Plan xa que non cumprirían estas inversións coas bases reguladoras deste financiamento que insisto falan de obras de reparación e mantemento de edificios e instalacións municipais xa existentes mantemento de camiños municipais e alumeado público o reparacións ou mantementos de subministracións de auga potable e da rede de sumidoiros.

2.-En relación a gastos correntes a financiar no marco deste plan vistas as bases que o regulan teñen que estar total e directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios en cada concello por razón da súa poboación , que son para Boimorto segundo o artigo 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local os seguintes (tamén gastos en socorristas praias e piscinas non subvencionados por outros programas provinciais ou doutras administracións públicas) :

Artículo 26.

1. Los Municipios por sí o asociados deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes:

En todos los Municipios: alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población, pavimentación de las vías públicas y control de alimentos y bebidas.....

En los Municipios con población **superior a 5.000 habitantes-equivalentes**, además: parque público, biblioteca pública, mercado y tratamiento de residuos.

En los municipios con población **superior a 20.000 habitantes-equivalentes**, además: protección civil, prestación de servicios sociales, prevención y extinción de incendios e instalaciones deportivas de uso público.

En los Municipios con población **superior a 50.000 habitantes-equivalentes**, además: transporte colectivo urbano de viajeros y protección del medio ambiente.

A vista do informado e de ditas bases non e posible utilizar esta subvención para financiar aportacións a asociacións veciñais ou festa dos maiores co risco de perdela en caso de pedir para estes gastos.

3.- A vista do informe solicitado na Providencia da Alcaldía de data 22/08/2012 so as obras referidas a aglomeración de carreteras e arranxo de pistas poden incluírse nesta subvención. Este e o meu informe formado por dúas páxinas que emito en interpretación da lexislación vixente indicada e salvo erro ou omisión involuntaria salvo erro ou omisión involuntaria e sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito.

Boimorto 22/08/2012
A Secretaria Interventora:

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

A Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unha unanimidade **ACORDAN:**
PRIMEIRO.- Informar ó C.F. Boimorto da colaboración que o Concello ven mantendo, tanto economicamente co mantemento do alumbrado público e do campo de fútbol de aproximadamente de 12.000 €uros anuais, como o servizo de asesoramento para poder obter subvencións pola Xunta de Galicia e Deputación Provincial.

SEGUNDO.- Informar ó C.F. Boimorto que é imposible solicitar neste plan as inversións propostas, que implicaría, de así facelo, a perda da subvención por parte deste Concello.

3.- LICENZAS, PERMISOS E AUTORIZACIÓNS

3.1.1.- LICENZA PROVISIONAL DE ACTIVIDADE PARA A INSTALACIÓN, APERTURA E FUNCIONAMENTO DE NAVE PARA EXPLOTACIÓN DE GALIÑAS POÑEDORAS, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. ÁNGEL BAQUEIRO MEIJIDE, EN REPRESENTACIÓN DA SOCIEDADE EXPLOTACIÓN CAMPERA DE LOS HUEVOS DE ORO, S.C.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obras e actividade, tramitado a instancia de D. Ángel Baqueiro Meijide, en representación da sociedade Explotación campera de los

huevos de oro, S.C., con domicilio a efectos no lugar de Sobreira, Boimorto, A Coruña, provisto do DNI núm. 36148932Q, solicitude con rexistro de entrada no concello 904 con data 22/06/2012, para o proxecto de nave para explotación de galiñas poñedoras campeiras a situar no lugar de Sobreira, parroquia de Boimorto, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eladio López Montes, colexiado número 395, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas co número 296/12; presentando o oficio de dirección de obra visado, parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de augas, situando a edificación fora da liña de policía de augas.

Resultando que o proxecto técnico presentado inicialmente foi completado con “Anexo a Proxecto: de nave para explotación de galiñas poñedoras campeiras” con rexistro de entrada no Concello 1287 de data 13/08/2012 e “Anexo II a Proxecto: de nave para explotación de galiñas poñedoras campeiras” con rexistro de entrada no Concello 1349 de data 27/08/2012.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 27/08/2012 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de secretaría de data 27/09/2012 e o compromiso por parte do interesado de execución de servizos e de inscrición no Rexistro da Propiedade (artigo 42 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia)

Tramitado procedemento de avaliación de incidencia ambiental regulado no Decreto 133/2008 de 12 de xuño, constando informe de compatibilidade de data 04/07/2012 así como informe de incidencia ambiental de data 27/08/2012 asinados por D. Ángel Delgado Cid.

Resultando que tramitado o procedemento de incidencia ambiental do Decreto 133/2008 da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en escrito con entrada 1534 de data 25/09/2012 remítese Ditame de Incidencia Ambiental, sen prexuízo do sinalamento de medidas correctoras oportunas.

Condicionando a licenza ao sinalado no informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais e ao Ditame de Incidencia Ambiental remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Considerando, que o proxecto técnico e os anexos que o complementa reúnen os requisitos esixidos e que a memoria describe en extensión e detalle as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente.

Considerando, que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto, non estando en contradición co disposto nos acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, se respetan as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vista a Lei 1/995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, así como as demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar licenza provisional de actividade a D. Ángel Baqueiro Mejjide, en representación da sociedade Explotación campera de los huevos de oro, S.C. para o proxecto de “Nave para explotación de galiñas poñedoras campeiras” a situar no lugar de Sobreira, parroquia de Boimorto, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eladio López Montes, colexiado número 395, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas co número 296/12; e anexos con rexistro de entrada números 1287 e 1349 parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de augas, situando a edificación fora da liña de policía de augas.

SEGUNDO.- A presente autorización de licenza provisional de actividade estará condicionada ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto técnico presentado coa solicitude de licenza e anexos, así como as establecidas nos informes técnicos e xurídicos que constan no

expediente e indicados neste acordo, sometendo a licenza provisional de actividade ás seguintes condicións:

.- Estará condicionada ao recollido no Ditame de Incidencia Ambiental de data 24/09/2012 escrito con entrada neste Concello nº 1534 en data 25/10/2012 remitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

.- A actividade non pode iniciarse ata a obtención de licenza definitiva de actividade tras a visita de comprobación dos técnicos municipais, condicionada a previa obtención de autorizacións sectoriais necesarias.

.- Deberase axustar as medidas correctoras que se contemplan no proxecto e anexos que o complementa presentado e ao sinalado no Ditame de Incidencia Ambiental.

.- En ningún caso se poderá comezar a exercer a actividade antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.

.- Para poder obter a acta de comprobación favorable o petionario terá que solicitar ao Concello para que este efectúe a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase de certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

.- No suposto de que antes de solicitar a visita de comprobación se teñan que facer probas para verificar o funcionamento de máquinas ou de instalacións, o titular deberá de comunicalo á Alcaldía-Presidencia con cinco días de antelación, explicando a duración e as medidas adoptadas para garantir que estas probas non afectarán ao entorno, nin crearán risco para as persoas nin aos bens. Á realización destas probas poderán asistir os técnicos que o Concello de Boimorto desexe e designe.

.- Con anterioridade da licenza definitiva de actividade deberá presentar a inscrición no rexistro da propiedade do compromiso contemplado no artigo 42 da lei 9/2002

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de taxa por licenza de apertura de establecemento en aplicación da ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Boimorto.

Base imponible superficie ocupada: 5.040 m²

Tipo de solo: rústico

Tarifa: 1,00 €uros/m²

Cota a ingresar: **5.040,00 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recurso que poiden interpoñerse contra o mesmo.

3.1.2.- LICENZA DE CAMBIO DE USO DE EXPOSICIÓN E VENTA DE PEQUENO MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN AO USO DE LOCAL COMERCIAL PARA ACTIVIDADE DE BAZAR, SERVIZO 1ª CATEGORÍA, COMERCIO; EN RÚA GÁNDARA, 3 DE BOIMORTO, SOLICITADA A INSTANCIA DE D. JESÚS JAVIER CORRAL CEA.

Visto o procedemento tramitado a instancia de D. Jesús Javier Corral Cea, con DNI nº 79327045E, solicitando licenza de cambio de uso de licenza de exposición e venta de pequeno material de construción ao uso de local comercial para actividade de bazar, servizos 1ª categoría, comercio; local sito na rúa Gándara, 3 de Boimorto, en virtude da solicitude de data 18/09/2012 nº de rexistro de entrada 1487; solicitude acompañada de memoria descriptiva de local comercial redactada pola enxeñeira técnica industrial Dña. Isabel Costoya Vázquez, colexiada nº 2928.

Visto informe técnico emitido por D. Ángel Delgado Cid de data 24/09/2012, favorable á concesión da licenza.

Visto o informe de Secretaría de data 27/09/2012.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a D. Jesús Javier Corral Cea con DNI nº 79327045E, a licenza urbanística de cambio de uso de licenza de exposición e venta de pequeno material de construción ao uso de local comercial, servizos 1ª categoría, comercio; do local sito na rúa Gándara, 3 de Boimorto, conforme á memoria descriptiva presentada e subscrita pola enxeñeira técnica industrial Dna. Isabel Costoya Vázquez.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación de taxa por licenza de apertura de establecemento en aplicación da ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Boimorto.

Base impositiva superficie ocupada: 147,21 m²

Tipo de solo: urbano

Tarifa: 1,50 €uros/m²

Cota a ingresar: **220,82 €uros**

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo a D. Jesús Javier Corral Cea indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

3.1.3.- LICENZA PROVISIONAL DE ACTIVIDADE PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE EN ALGALIA, DORMEÁ (BOIMORTO) SOLICITADA A INSTANCIA DE JOSE ÁNGEL GAREA E HIJOS S.C.

Visto o procedemento para outorgamento de licenza urbanística iniciado con data 16/04/2012 nº de rexistro de entrada 499 presentada por José Ángel Garea e Hijos S.C. proxecto de “Ampliación de explotación de vacuno de leite en Algalia, Dormeá (Boimorto)” na finca nº 226 polígono 508 pertencente a parroquia de Dormeá; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Óscar J. Pose Andrade colexiado nº 1.430 e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas co número 20120159; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo de núcleo rural coa categoría de orixinario disperso.

Visto que a explotación conta co recoñecemento administrativo de existencia de explotación gandeira, ao amparo da disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002.

Visto o informe técnico de data 23/06/2012 no que se require documentación, con data con data 16/08/2012 presenta en rexistro de entrada nº 1298 “Anejo I a: Proyecto de ampliación de explotación ganadera”.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 20/08/2012 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, no que se informa de que non é necesario someter a actividade ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

Visto o informe de Secretaría de data 27/09/2012 e as advertencias nel contidas.

Condicionando a licenza ao sinalado nos informes de Secretaría-Intervención e do arquitecto técnico Ángel Delgado Cid no que se sinala que segundo a documentación presentada esta actividade aumentará os animais presentes na explotación de 93 a 119, polo que non acadará os incrementos contemplados no artigo 3 do Decreto 133/2008 para cualificar como substancial a ampliación pretendida; polo que non é necesario someter a actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental. Non se considera necesario a autorización previa de Urbanismo en base ao artigo 33.2.b) da Lei 9/2002 e deberánse ter en conta as medidas correctoras sinaladas no propio proxecto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza provisional de actividade a José Ángel Garea e Hijos S.C. proxecto de “Ampliación de explotación de vacuno de leite en Algalia, Dormeá (Boimorto)” na finca nº 226 polígono 508 pertencente a parroquia de Dormeá; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Óscar J. Pose Andrade colexiado nº 1.430 e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas co número 20120159; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo de núcleo rural coa categoría de orixinario disperso.

SEGUNDO.- A presente autorización de licenza provisional de actividade estará condicionada, ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto técnico presentado coa solicitude de licenza e anexos así como as establecidas nos informes técnicos que constan no expediente e indicadas neste acordo, así como as contidas noutros informes de autorizacións sectoriais, sometendo a licenza provisional de actividade ás seguintes condicións, en concreto:

.- A actividade non pode iniciarse ata a obtención de licenza definitiva de actividade tras a visita de comprobación dos técnicos municipais, condicionada a previa obtención de autorizacións sectoriais necesarias.

.- Con anterioridade a concesión da licenza definitiva de actividade deberá presentar a inscrición no rexistro da propiedade do compromiso contemplado no artigo 42 da Lei 9/2002.

.- Estará condicionada a que só aumente os animais presentes na explotación de 93 a 119, polo que non acadará os incrementos contemplados no artigo 3 do Decreto 133/2088, para cualificar como substancial a ampliación pretendida, e polo tanto, non está sometida ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

.- As edificacións existentes manteranse en uso, si ben, a corte existente de 240m² tan so se utilizará para o albergue do gando en período seco para garantir o aporte alimenticio propicio para esta fase.

.- A licenza de actividade provisional debe cumprir o recollido no artigo 40 do PXOM de Boimorto para uso de categoría 2 así como o cumprimento de medidas correctoras contidas no proxecto.

.- En ningún caso se poderá comezar a exercer a actividade antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.

.- Para poder obter a acta de comprobación favorable o petionario terá que solicitar ao Concello para que este efectúe a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase de certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

.- No suposto de que antes de solicitar a visita de comprobación se teñan que facer probas para verificar o funcionamento de máquinas ou de instalacións, o titular deberá de comunicalo á Alcaldía-Presidencia con cinco días de antelación, explicando a duración e as medidas adoptadas para garantir que estas probas non afectarán ao entorno, nin crearán risco para as persoas nin aos bens. Á realización destas probas poderán asistir os técnicos que o Concello de Boimorto desexe e designe.

.- A liquidación da licenza de actividade realizarase trala visita de comprobación e coa licenza definitiva de funcionamento, de ser o caso.

TERCEIRO .- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

4.- URBANISMO, OBRAS E SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 24/2012) PARA CONSTRUCCIÓN DE NAVE PARA EXPLOTACIÓN DE GALIÑAS POÑEDORAS, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. ÁNGEL BAQUEIRO MELJIDE, EN REPRESENTACIÓN DA SOCIEDADE EXPLOTACIÓN CAMPERA DE LOS HUEVOS DE ORO, S.C.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de D. Ángel Baqueiro Meijide, en representación da sociedade Explotación campera de los huevos de oro, S.C., con domicilio a efectos no lugar de Sobreira, Boimorto, A Coruña, provisto do DNI núm. 36148932Q, solicitude con rexistro de entrada no concello 904 con data 22/06/2012, para o proxecto de nave para explotación de galiñas poñedoras campeiras a situar no lugar de Sobreira, parroquia de Boimorto, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eladio López Montes,

colexiado número 395, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas co número 296/12; presentando o oficio de dirección de obra visado, parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de augas, situando a edificación fora da liña de policía de augas.

Resultando que o proxecto técnico presentado inicialmente foi completado con “Anexo a Proxecto: de nave para explotación de galiñas poñedoras campeiras” con rexistro de entrada no Concello 1287 de data 13/08/2012 e “Anexo II a Proxecto: de nave para explotación de galiñas poñedoras campeiras” con rexistro de entrada no Concello 1349 de data 27/08/2012.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 27/08/2012 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de secretaría de data 27/09/2012 e o compromiso por parte do interesado de execución de servizos e de inscrición no Rexistro da Propiedade (artigo 42 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia)

Condicionando a licenza ao sinalado no informe dos servizos técnicos municipais non se considera necesario a autorización previa de Urbanismo en base ao artigo 33.2.b) e 37.1 da Lei 9/2002.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D. Ángel Baqueiro Meijide, en representación da sociedade Explotación campera de los huevos de oro, S.C., con DNI nº 36148932Q (LO 24/2012) conforme á solicitude e documentación indicada nos consdierandos deste acordo para o proxecto de “Nave para explotación de galiñas poñedoras campeiras” a situar no lugar de Sobreira, parroquia de Boimorto, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eladio López Montes, colexiado número 395, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas co número 296/12; e anexos con rexistro de entrada números 1287 e 1349; sendo director de obras D. Eladio López Montes, enxeñeiro técnico agrícola colexiado nº 395 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo, visado co número 296/12, parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de augas, situando a edificación fora da liña de policía de augas, non considerándose necesario a autorización previa de Urbanismo.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.
- .- Con anterioridade da licenza definitiva de actividade deberá presentar a inscrición no rexistro da propiedade do compromiso contemplado no artigo 42 da lei 9/2002

- .- Condicionantes sinalados nos informes técnicos e xurídicos indicados nos considerandos deste acordo.
- .- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- .- As obras deberán comezar no prazo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos dende a data de outorgamente da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 24/2012

Presuposto de execución material da obra axustándose ao Anexo I da Ordenanza reguladora do ICIO: 849.139,20 €uros.

Liquidación 2%: **16.982,78 €**

